

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 29 de abril de 2008 pola que se clasifica de interese educativo a Fundación Educativa Colegio Divina Pastora.

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Educativa Colegio Divina Pastora*, con domicilio en Monforte de Lemos (Lugo).

Supostos de feito:

1. María Esther Rodríguez Camino, na súa condición de presidenta da fundación, formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Monforte de Lemos o día oito de outubro de dous mil oito, ante a notaria Patricia Posse Paz, co número de protocolo seiscentos cincuenta, por Luís Conde Carnero, Mercedes Rodríguez Valcárcel, María Hilda Ruiz Casanova, Cristina Méndez López, Emilio Sotelo Álvarez, María Vázquez Álvarez, Remedios Sánchez Estévez, María Esther Rodríguez Camino, Susana Fernández Vidal, Francisco Javier Aira Losada, Beatriz Pérez Díaz, Remedios Rosario López Vázquez, Isabel Quiroga Ferreiro, Ana María Rodríguez Vázquez, Amelia González Martínez, María Victoria Aceiro Martínez e María Julia Rodríguez Barreira. Todos eles interveñen no seu propio nome e dereito, con excepción de María Julia Rodríguez Barreira que o fai en representación da *Asociación de padres de alumnos Calasancias Colegio Divina Pastora de Monforte de Lemos*.

3. Segundo consta no artigo seis dos seus estatutos, a fundación ten por obxecto prestar servizos educativos e de promoción sociocultural, no marco das necesidades desta orde existentes no municipio de Monforte de Lemos, en particular, e en Galicia, en xeral.

4. O padroado da fundación estará integrado por María Esther Rodríguez Camino como presidenta, Remedios Sánchez Estevez como vicepresidenta, María Vázquez Álvarez como secretaria, e por Luís Conde Carnero, María Hilda Ruiz Casanova, Cristina Méndez López, Emilio Sotelo Álvarez, e pola *Asociación de padres de alumnos Calasancias Colegio Divina Pastora* representada por María Julia Rodríguez Barreira, como vogais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese educativo da *Fundación Educativa Colegio Divina Pastora*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e segundo establecen o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, pro-

cede a súa clasificación como de interese educativo e a súa adscrición á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Fundamentos de dereito:

1. O artigo 34 da Constitución española recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día vinte e oito de abril de dous mil oito.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar de interese educativo a *Fundación Educativa Colegio Divina Pastora*, adscribíndoa á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 17 de abril de 2008 pola que se establecen os requisitos mínimos dos espazos e instalacións con que deben contar os centros para impartir ensinanzas de réxime especial de técnicos deportivos nas especialidades de atletismo, balonmán e baloncesto na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 3º integra as ensinanzas deportivas dentro do sistema educativo como ensinanzas de réxime especial. Así mesmo, no capítulo VIII do título I, fixa os principios xerais que as rexerán e atribúe ás admi-

nistracións educativas o establecemento do currículo das distintas ensinanzas de que formarán parte os aspectos básicos fixados polo Goberno.

O Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, na súa disposición transitoria segunda, punto 1, determina que ata que non se creen os novos títulos e ensinanzas nas modalidades e especialidades de atletismo, baloncesto, balonmán, deportes de escalada, deportes de inverno e fútbol, que foron establecidas ao abeiro do disposto no Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, impartiranse conforme o previsto nos reais decretos que crearon os respectivos títulos e ensinanzas mínimas, e na súa disposición terceira establece a vixencia das normas de desenvolvemento destas ensinanzas deportivas mentres o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte non regule o previsto na disposición transitoria segunda.

O Decreto 410/2003, do 6 de novembro, sobre autorización a centros privados e a centros públicos que non sexan de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para impartir as ensinanzas de técnicos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia e, así mesmo, a Orde do 12 de abril de 2004 pola que se desenvolve este decreto determinan que esta autorización se concederá sempre que os centros reúnan as condicións xerais e específicas sinaladas nos respectivos reais decretos de creación do título e as súas ensinanzas mínimas, así como as que figuran nas súas normas de desenvolvemento.

Así pois, vixentes o Real decreto 254/2004, do 13 de febreiro; o Real decreto 361/2004, do 5 de marzo; e o Real decreto 234/2005, do 4 de marzo, polos que se aproban as correspondentes ensinanzas comúns e se regulan as probas de acceso das modalidades deportivas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en atletismo, balonmán e baloncesto, faise preciso determinar os requisitos mínimos das instalacións docentes deportivas con que deben contar os centros para obter a preceptiva autorización para impartir as ensinanzas teóricas e prácticas das ditas especialidades deportivas.

Polo anteriormente exposto, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxectivo.

Esta disposición ten como finalidade determinar os requisitos mínimos dos centros docentes para impartir as ensinanzas deportivas de réxime especial nas especialidades de atletismo, baloncesto e balonmán.

Artigo 2º.-Localización e condicións xerais das instalacións.

1. Os centros docentes deberán situarse en edificios independentes destinados exclusivamente a uso

escolar ou en locais que sen ser independentes estean destinados para tal fin e teñan acceso independente desde o exterior.

2. Deberán cumprir os requisitos establecidos para os edificios de uso público pola normativa que resulte de aplicación referidos ás condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade, e seguridade, así como sobre as condicións que posibiliten a utilización das instalacións por persoas con minusvalidez.

3. As instalacións para impartir a formación teórico-práctica poderán estar situadas en espazos independentes do recinto en que estea situado o centro, sempre que a titularidade presente título xurídico que acredite a dispoñibilidade delas para o seu uso durante o horario en que deban desenvolverse as ensinanzas teórico-prácticas nestes espazos, e sempre que a distancia entre tales instalacións non prexudique a adecuada impartición das ensinanzas.

4. Durante o horario da actividade docente do centro as súas instalacións deberán estar exclusivamente dedicadas a impartir as ensinanzas autorizadas.

Artigo 3º.-Ratio do alumnado.

1. O número máximo de alumnos por unidade para impartir os módulos formativos de contido teórico será de 35.

2. O número máximo de alumnos para as sesións de ensino práctico que se desenvolvan nas instalacións ou espazos deportivos será:

Para a especialidade de atletismo de 18 alumnos.

Para a especialidade de baloncesto de 35 alumnos.

Para a especialidade de balonmán de 24 alumnos.

3. O número de espazos destinados ás clases teóricas e prácticas determinarase en función das unidades que se autoricen e o seu grao de utilización. Entenderase por unidade o número de grupos (30 alumnos/aula) dunha ou de varias especialidades deportivas.

Artigo 4º.-Condicións mínimas dos espazos de uso administrativo e docente xenérico.

1. Unha sala ou aula de usos múltiples de 60 m² para o desenvolvemento das actividades comúns do centro.

2. Unha aula de 50 m² para o desenvolvemento das clases teóricas.

3. Unha unidade de seminario cunha dimensión mínima de 60 m², con servizos e fondos que garantan a consulta de libros, revistas e documentos en soporte audiovisual; estarán dotados tamén de medios audiovisuais necesarios para a docencia.

4. Espazos independentes para os órganos de goberno e os servizos administrativos do centro, secretaría e sala de profesores, todo iso axeitado á capacidade do centro, cunha dimensión mínima de 50 m².

5. Aseos e servizos hixiénicos sanitarios, tanto para alumnos como para profesores, en número axeitado á capacidade do centro, en función do que dispoña a lexislación que, a cada caso, sexa de aplicación.

6. Dependencias para a almacenaxe do material adecuadas ás necesidades do centro.

7. Zona de vestiarios, axeitada á capacidade do centro, conforme o que dispoña a lexislación que, en cada caso, sexa de aplicación.

Artigo 5º.-Condicións mínimas das instalacións docentes deportivas da especialidade de atletismo.

Para impartir os contidos teórico-prácticos dos distintos módulos: unha pista de atletismo de 300 metros que estea equipada con fosos para saltos de altura, lonxitude, triplo salto e pértega, círculos e zonas de lanzamento de peso, disco, xavelina e martelo, dotadas, se é o caso, con gaiolas protectoras.

Artigo 6º.-Condicións mínimas das instalacións docentes deportivas para a especialidade deportiva de balonmán.

1. Sala deportiva polivalente cuberta de 120 m², debidamente equipada para impartir os contidos teórico-prácticos dos distintos módulos.

2. Un pavillón cuberto que poida albergar, ao tempo, un campo de balonmán regulamentario marcado e dentro del dous campos de minibalonmán; cada un dos campos deberán incluír dúas porterías con medidas regulamentarias.

Artigo 7º.-Condicións mínimas das instalacións docentes deportivas para a especialidade deportiva de baloncesto.

1. Sala deportiva polivalente cuberta de 120 m², debidamente equipada para impartir os contidos teórico-prácticos dos distintos módulos.

2. Un campo cuberto de baloncesto de medidas regulamentarias dotado de, polo menos, dúas canastras.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para adoptar os acordos necesarios para a execución e desenvolvemento desta orde.

Segunda.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Educativa

Orde do 30 de abril de 2008 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional, módulos profesionais experimentais, artes plásticas e deseño e programas de garantía social.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (BOE do 4 de maio), de educación, establece nos seus artigos 39 a 44 os principios xerais, obxectivos, contidos, títulos e validacións da formación profesional integrada no sistema educativo español, e concretamente no artigo 42 determina que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no seu artigo 9, que a formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

O Decreto 585/2005, do 29 de decembro, en harmonía co disposto no artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, establece que lle corresponden a esta consellería as competencias e funcións en materias de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

O Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, dispón no seu artigo 11 que o currículo dos ciclos formativos incluírá un módulo de formación en centros de traballo que non terá carácter laboral.

Polo exposto e considerando que a formación práctica en centros de traballo ten un gran valor didáctico e pedagóxico por achegar o alumnado ao mundo sociolaboral en que se vai desenvolver a súa futura vida profesional, cómpre incluír este programa como unha das accións que hai que promover de cara ao cumprimento dos acordos sobre medidas para o crecemento do emprego en Galicia.